

**PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO**  
**CURSO 2015 – 2016**

**EDLG**

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega**  
**iES Urbano Lugrís - ZALPICÁN**

O IES Urbano LUGRÍS de Malpica é un centro ABALAR, con seccións bilingües en francés; este curso 2015-16 forma parte tamén de EDIXGAL en 1º ESO.

Está conformado por:

- Claustro de 25 profesores e profesoras (3 a tempo parcial: 2 especialistas de EE, unha delas itinerante; e 1 profesora de Tecnoloxía).
- 116 alumnos, repartidos en 8 unidades que inclúen unha de PMAR-3º ESO e outra de PDC- 4º ESO (en 1º ESO hai tamén un agrupamento específico para as áreas de LC, Mate). Hai 3 alumnas de especial dificultade, para as que están habilitadas 2 aulas de PT.
- 1 auxiliar administrativa, 1 conserxe e persoal de limpeza.
- Hai unha ANPA oficialmente constituída e mantéñense contactos ao longo do ano con distintas Institucións, Entidades e Centros Educativos da contorna máis ou menos próxima.

## Constitución do EDLG

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), renovouse ao comezo deste curso académico, quedando integrado polos seguintes membros:

- **Mª Carmen Otero Sánchez - Coordinadora** (PT, Departamento de Orientación, membro do equipo de Biblioteca e Coordinadora de Formación)
- **Pedro Martínez Casillas** (Departamento de Música)
- **María Carmen Canosa Fraguela** (Departamento de Lingua e Literatura Galegas)
- **Santiago Molina Álvarez** (Conserxe)
- **Isabel Cousillas Otero** (4º A)
- **José A. Cores Torres** (3º PMAR)
- **Ismael Pose Ferreiro** (3º PMAR)

Establécese o 1º recreo dos martes como hora probable de reunión entre os seus compoñentes para cando fose preciso informar, organizar, consensuar, etc as distintas actividades ou propostas que xurdan ao longo do curso. A convocatoria farase por correo electrónico, sempre que sexa posible, con certa antelación.

## ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

O IES Urbano Lugo de Malpica de Bergantiños recolle alumnado procedente, por unha parte, do medio “urbano” de Malpica e Buño e, por outra, do medio rural que abrangue o resto do Concello.


A maioría das familias viven directa ou indirectamente da pesca (bastante afectada pola redución de cota do cerco); o porto de Malpica ten lonxa propia. Outras actividades económicas a destacar son: sector servizos, pequenas industrias-empresas, artesanía en Buño, algunhas pequenas explotacións de gando bovino, cultivo basicamente de autoconsumo, actividades físico deportivas, restauración e turismo. O nivel socio-económico da zona é moderado-baixo, con bastantes casos nos que están a intervir os servizos sociais do Concello.

A situación xeográfica dificulta bastante a comunicación por transporte público co resto de concellos da comarca e coa cidade da Coruña; o que repercute no noso caso, en ter que organizar bastantes actividades complementarias e extraescolares con transporte, para favorecer a apertura a outras realidades. O acceso a Internet na zona non é moi bo; porén, cómpre destacar que a maioría do alumnado dispón de conexión na súa casa. Existe, en xeral, bastante respecto e celebración das tradicións culturais galegas: Entroido, romarías, música e danza do folclore popular, regueifas,... ; Sendeirismo (Ruta dos Faros), Mostra de Teatro e de Oleiría, “Nordestazo”,..... son exemplos doutras manifestacións culturais populares.

A realidade sociolingüística é, pois, diversa. En relación cos diferentes sectores que conforman a nosa comunidade educativa, diríamos que: máis da metade do profesorado utiliza o galego na súa fala natural e emprégao na docencia segundo a porcentaxe establecida na lexislación vixente; a práctica totalidade do PAS e do alumnado é galego-falante (agás contados casos de alumnos/as inmigrantes que acostuman integrarse pronto no galego) . Atendendo aos datos recollidos no actual Proxecto Lingüístico do Centro, poderíamos resumir que:


- No contorno sociolingüístico do centro predomina o uso da lingua galega, coas variantes dialectais propias da comarca bergantiñá; respectándose pouco na fala, dun modo xeral, a normativa vixente.
- A dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego é BOA.
- A presenza do galego na vida do alumnado é ALTA.
- A presenza ambiental do galego no centro é BOA.

Neste curso, segundo recolle o Proxecto Lingüístico actualizado, no IES impártense en galego as materias obrigatorias da ESO: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Bioloxía e Xeoloxía, e as que se reflicten no gráfico:



### **MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN LINGUA GALEGA**

En castelán as determinadas por lei – Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía - e as que seguen:



### **MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN LINGUA CASTELÁ**

Ademais, repártese o número de horas impartidas en galego e castelán ata o 50% en cada nivel segundo consta no seguinte cadro:

MATERIAS	PRIMEIRO				SEGUNDO				TERCEIRO				CUARTO				Horas G/E
	A	B	C	Nºh	A	B	C	Nºh	A	B	D	Nºh	A	B	D	Nºh	
Biología e xeoloxía									<b>G</b>			<b>2</b>	<b>G</b>	<b>G</b>		<b>3</b>	5/0
Ciencias da natureza	<b>G</b>			<b>4</b>	<b>G</b>	<b>G</b>		<b>3</b>									6/0
Ciencias sociais, xeografía e historia	<b>G</b>			<b>3</b>	<b>G</b>	<b>G</b>		<b>3</b>	<b>G</b>			<b>3</b>	<b>G</b>	<b>G</b>		<b>3</b>	12/0
Educación física	<b>E</b>			<b>2</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>2</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>2</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>2</b>	0/8
Educación para a cidadanía					<b>G</b>	<b>G</b>		<b>2</b>									2/0
Educación ético-cívica													<b>G</b>	<b>G</b>		<b>1</b>	1/0
Educación plástica e visual	<b>G</b>			<b>2</b>					<b>G</b>	<b>G</b>		<b>2</b>	<b>E</b>			<b>3</b>	4/1
Física e química									<b>E</b>			<b>2</b>	<b>E</b>			<b>3</b>	0/4
Informática													<b>G</b>	<b>G</b>		<b>3</b>	3/0
Latín																<b>3</b>	
Lingua galega e literatura	<b>G</b>			<b>4</b>	<b>G</b>	<b>G</b>		<b>3</b>	<b>G</b>			<b>3</b>	<b>G</b>	<b>G</b>		<b>3</b>	12/0
Lingua castelá e literatura	<b>E</b>			<b>4</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>3</b>	<b>E</b>			<b>3</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>3</b>	0/13
Primeira lingua estranxeira: inglés/francés				<b>3</b>				<b>3</b>				<b>3</b>				<b>3</b>	
Segunda lingua estranxeira: francés				<b>2</b>				<b>2</b>								<b>3</b>	
Matemáticas	<b>E</b>			<b>5</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>4</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>5</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>3</b>	0/18
Música					<b>G</b>	<b>G</b>		<b>2</b>	<b>G</b>		<b>G</b>	<b>2</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>3</b>	4/3
Tecnoloxía									<b>E</b>		<b>E</b>	<b>2</b>	<b>E</b>		<b>E</b>	<b>3</b>	0/3
Tecnoloxías					<b>E</b>	<b>E</b>		<b>3</b>									0/5
Relixión	<b>E</b>			<b>1</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>1</b>	<b>E</b>			<b>1</b>	<b>E</b>	<b>E</b>		<b>1</b>	0/5
Hª e cultura das relixións																	
Actividades alumnado que non opta por relixión	<b>E</b>				<b>E</b>	<b>E</b>		<b>1</b>					<b>E</b>	<b>E</b>			0/2
Cultura clásica									<b>G</b>			<b>2</b>					2/0
Taller de iniciativas emprendedoras													<b>E</b>			<b>3</b>	0/3
Valores Éticos	<b>G</b>			<b>1</b>					<b>G</b>			<b>1</b>					2/0
Titoría	<b>G</b>			<b>1</b>	<b>G</b>	<b>G</b>		<b>1</b>	<b>G</b>		<b>G</b>	<b>1</b>	<b>G</b>	<b>G</b>	<b>G</b>	<b>1</b>	4/0
Estilos de vida saudables	<b>E</b>			<b>1</b>													0/1
Optativa:																	
Optativa:																	
Optativa do centro:																	
				14/19				14/19				16/18					62/64

## **OBXECTIVOS**

- Acadar a presenza normalizada da lingua galega nos diversos aspectos da vida educativa, acorde coa realidade galegofalante da comunidade deste centro e cos obxectivos da Normalización Lingüística no ensino.
- Obter e difundir información sobre os recursos que a Administración Educativa e outras Institucións poñen á nosa disposición para fomentar e/ou enriquecer o uso da lingua galega en todos os ámbitos.
- Promover a realización de actividades interdisciplinares abertas ao entorno e á comunicación intercentros, que contribúan ao coñecemento e divulgación de experiencias enriquecedoras e innovadoras, así como a facilitar o tránsito entre os distintos niveis e etapas do Sistema Educativo.
- Favorecer a presenza da lingua galega no uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Manter e aumentar a implicación do profesorado no uso do galego en todos os ámbitos relacionados co ensino e o traballo en equipo.
- Conseguir do alumnado e do conxunto da comunidade educativa un incremento positivo da súa autoestima como integrantes activos do pobo galego.
- Continuar na liña de coherencia lingüística acadada no uso do galego dentro do centro como lingua de comunicación administrativa.

## ACTIVIDADES TEMPORIZADAS

**\*Sinálanse entre parénteses os apartados aos que fai referencia cada actividade, atendendo ao punto 9: “ Criterios para a cualificación dos proxectos”, recollido na orde 1 de decembro de 2015, que regula o ED101C para o curso 2015-16:**

9.1. A calidade do proxecto terá un peso do 80 %. Quedarán desestimadas aquelas solicitudes que non reúnan un mínimo de 6 puntos nesta epígrafe. A porcentaxe do 80 %, correspondente á calidade, será puntuada de 0 a 24 puntos. As variables que se avaliarán coas respectivas puntuacións, repartidas de xeito proporcional, serán as seguintes:

a) Grao de implicación activa dos membros da comunidade no proxecto (pais/nais, profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos): de 0 a 4 puntos. Esta puntuación distribúese proporcionalmente en función do número de membros da comunidade que participen no proxecto.

– A participación dos membros da comunidade educativa: ata 3 puntos.

– A participación de membros alleos á comunidade educativa: ata 4 puntos.

b) Nivel de utilización das novas tecnoloxías: de 0 a 4 puntos.

– Creación de páxinas web e de blogs, intercambio de mensaxes en rede entre as persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega ou, de non haber equipo, da persoa coordinadora desta materia: ata 1 punto, repartido proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas empregadas.

– Mantemento de páxinas web, de blogs e de contas en redes sociais (Facebook, Tuenti...), realización de videoconferencias, intercambio de mensaxes de correo entre o alumnado: ata 2 puntos, repartidos proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

– Traballos con códigos QR, radio ou TV con emisión de maneira puntual, revista dixital e obradoiros relacionados coas novas tecnoloxías...: ata 3 puntos, repartidos proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

– Audiovisuais (curtas, documentais...), radio diaria ou semanal na aula, TV, musicais...: ata 4 puntos, repartidos proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

c) Grao de colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro, co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega fóra do centro: de 0 a 4 puntos.

– Colaborar cunha institución, entidade ou asociación, asistindo ás actividades que organiza: ata 2 puntos, ponderados proporcionalmente ao número de actividades.

– Colaborar cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, de maneira que sexa o centro o que organice de xeito puntual as actividades: ata 3 puntos, ponderados proporcionalmente ao número de actividades.

– Colaborar de xeito permanente –é dicir, ao longo do curso escolar– cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, organizando actividades: ata 4 puntos.

d) Grao de colaboración con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou na realización de actividades dinamizadoras: de 0 a 4 puntos.

– Colaborar na realización de actividades habituais entre centros da mesma localidade, cos mesmos ou similares niveis educativos: ata 1 punto.

– Colaborar na realización de actividades habituais entre centros da mesma localidade ou de localidades próximas, con diferentes niveis educativos, ou na realización de actividades excepcionais (xornada de portas abertas...), sen ter en conta o ámbito xeográfico: ata 2 puntos.

– Colaborar na realización de ata tres actividades con outros centros da comarca ou de comarcas próximas: ata 3 puntos.

– Colaborar na realización de máis de tres actividades con centros de ámbitos xeográficos distintos ou realizar unha iniciativa con carácter anual (ao longo de todo o curso escolar): ata 4 puntos.

e) Realización de actividades plurianuais: de 0 a 4 puntos.

f) Tipoloxía de actividades organizadas ao longo do curso: de 0 a 4 puntos. Esta tipoloxía de actividades abrangue: celebracións e festas tradicionais, promoción da lingua oral, promoción da lingua escrita, tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), dinamización do centro, dinamización do contorno, intercambios e posta en valor da lingua mediante a cultura e a etnografía. Establécese a puntuación do seguinte xeito:

Ata dous tipos de actividades: 1 punto. De tres a catro tipos de actividades: 2 puntos. De cinco a seis tipos de actividades: 3 puntos. De máis de seis tipos de actividades: 4 puntos.

A maioría destas actividades quedarán publicadas dentro dalgunha das seccións da nosa web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/> , máis concretamente na nosa sección:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/taxonomy/term/124>



## **PLURIANUAIS**

**“MOVÉMONOS”**: Todos os Departamentos. Parte coa idea de deseñar e crear un mural permanente e ben visible que recolla as experiencias e actividades destacadas levadas a cabo polos distintos departamentos didácticos ao longo de varios cursos académicos. Desde a pantalla da entrada, en determinadas ocasións que así o requiren, expóñense actividades ou noticias de interese pasadas ou presentes, vídeos, musicais, ... en relación coa vida do centro ou da contorna . Baixo o lema “MOVÉMONOS”, iríase configurando o testemuño da historia do centro para as xeracións presentes e futuras, contando coa implicación de toda a comunidade educativa e a colaboración doutras entidades e organismos da contorna máis ou menos próxima.. (Ap. 9.1 a-b-c-d-e-f).

**“FALANDO DE TECNOLOXÍA”**: D. Tecnoloxía, Orientación, LL. Galega, EDLG. Vaise continuar con esta experiencia intercentros, na que participa de novo con nós o CEIP Joaquín R. Otero de Buño. A idea é que alumnos de 4º de P. Diversificación Curricular preparen a exposición dun tema relacionado coa tecnoloxía, propio do currículo de E. Primaria, e llelo expliquen en galego aos alumnos de 5º de EP; esta vez a través de VIDEOCONFERENCIA. Logo estes virían ao instituto, a vivir a parte práctica no Taller de Tecnoloxía e na aula de informática a través de simuladores.

Constitúe un paso adiante neste centro no tratamento da “Diversidade”, da interdisciplinariedade entre as materias e as etapas do ensino, do desenvolvemento das NNTT e, en definitiva, na Innovación Educativa. Que os grupos de Diversificación, sexan quen de expoñer en galego coñecementos adquiridos en castelán e adaptalos a mentes de primaria, é un medio excelente para mellorar a súa autoestima e aumentar a confianza en si mesmos á hora de desenvolver habilidades sociais e lingüísticas asociadas á posta en práctica dos coñecementos adquiridos. (Ap. 9.1 a-b-c-d-e-f).

**“RADIO SEAIA”**: Todos os Departamentos, coordina un membro do Dep. de LL Galega. A través do Plan Proxecta, prevese este curso ambientar a sala da Radio e organizar novos programas nos que interveña alumnado de 1º e 2º de ESO, abertos a toda a comunidade educativa e a outros centros educativos do Concello. Tamén participar nas distintas celebracións organizadas no centro ao longo do curso. As emisións aparecen publicadas posteriormente na Web do centro. Esta experiencia vai encamiñada a potenciar, dunha banda, as habilidades de recollida e tratamento da información e expresión oral co uso das TIC; e doutra, a difusión de aspectos culturais ou científicos de interese, e, en definitiva, a mellora da convivencia dentro e fóra do centro. (Ap. 9.1 a-b-c-d-e-f).

**“MANTEMENTO E SEGUIMENTO DE WEB E REDES SOCIAIS”**: Todos os Departamentos. Ademais da web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/>

estamos presentes en: GOOGLE PLUS e TWITER, para informar e intercambiar información e participar en eventos tales como videoconferencias ou outro tipo de programas en liña.

Mantemos actualizados na páxina web do Instituto: a sección propia do EDLG,: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/taxonomy/term/124> así como o blog da Biblioteca: <http://bibliogris.blogaliza.org/> .

WEB “MUSICALUGRIS” / WEB “CORRESPONDENTES XUVENÍS 3.0” - PLAN PROXECTA. Creadas e utilizadas dende a materia optativa de 4º ESO: “Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras”.

Creación de Códigos QR para acceso a webs do centro. Aproveitando os cambios de números de tlf. e FAX que, recentemente, fixo a Consellería, realizaranse tarxetas cos novos datos para toda a comunidade educativa e outros colexios e institucións da contorna, que incorporen este tipo de código dixital. (Ap. 9.1 a-b-c-d-e-f).

## **DURANTE TODO O CURSO:**

- EDLG. Recompilación de material videográfico, fotográfico, bibliográfico e discográfico (centralizado na biblioteca) relativo a diversos aspectos da cultura galega, para ser utilizado como material didáctico, de consulta ou de ocio, nas diferentes áreas (Sociais, Lingua e Literatura Galegas, Plástica, Música, Ciencias Naturais, etc.) ou individualmente polo alumnado e profesorado. (Ap. 9.1 a-b-c-f)
- EDLG. Recollida e exposición de información, en taboleiro e na web (<http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/taxonomy/term/148>), sobre concursos e actividades que se convoquen e teñan relación coa lingua e a cultura galega, animando ao alumnado a participar e divulgar os eventos. (Ap. 9.1 a-b-c-d-f)
- EDLG. Colaboración con toda a comunidade educativa na corrección e elaboración de textos en galego, nos programas radiofónicos que se emitan en aberto, na elaboración de audiovisuais, etc..., para acadar a normalidade lingüística que todos perseguimos. (Ap. 9.1 a-b-c-f)
- EDLG. Colaboración tamén co centro nas conmemoracións propostas cada ano pola Consellería de Educación e outras organizadas dende os distintos departamentos didácticos ou Institucións da Contorna. (Ap. 9.1 a-b-c-f)

- **Obradoiros/Charlas/Saídas artístico-literarias e científico-divulgativas:** Todos os Departamentos. Visitas a Museos, exposicións, teatro, encontros con escritores, charlas e obradoiros fóra e dentro do centro, elaboración de curtas, ...; vinculadas a actividades propias dos departamentos didácticos e/ou asociadas a Contratos Programa, Plan Proxecta, Seccións Bilingües, PLAMBE, Club de Lectura, Seminarios e Grupos de Traballo do CFR/CAFI , Proxecto Terra, Programa a Ponte (Ponteceso”, “Cartas de Amor” do Concello de Malpica, ... Agora mesmo, están aínda sen concretar en detalle por non ter concedidos definitivamente algúns dos orzamentos cos que se conta para levalas a cabo. (Ap. 9.1 a-b-c-d-f)

## **1ª AVALIACIÓN**

**SAMAÍN/HALLOWEEN:** Todos os Departamentos. Preparación previa ao xoves 30, cando o conxunto do alumnado viu nas súas respectivas clases a película “O Apóstolo”, dentro dun proxecto interdisciplinar asociado ao grupo de traballo do noso centro “A Producción fílmica como didáctica”, que continúa ao longo do curso para rematar na elaboración dunha curta audiovisual. Posteriormente, ao tempo que a TV da entrada e a pantalla da biblioteca (nos recreos) nos ofrecía vídeos “terroríficos”, recolléronse os “guimions” feitos polo alumnado nas súas casas e no centro, como regalo para nenos enfermos ingresados no Hospital Materno Infantil da Coruña . Entregáronse os premios do Concurso de Cabazas e gozamos todos ao final dun gran Magosto no patio. (Ap. 9.1 a-b-c-f)

**4/11. VIDEO-CONFERENCIA. VI Día da Ciencia en galego: “A máquina que constrúe a mente e a realidade”.** EDLG, Dep. de Bioloxía e Dep. de Física. O alumnado de 4º ESO participou dende a nosa biblioteca nesta videoconferencia a cargo do doutor **Xurxo Mariño Alfonso**, especialista en neurofisioloxía. (Ap. 9.1 a-b-c-d-f)

**25/11. CONTRA A “VIOLENCIA DE XÉNERO”:** Todos os Departamentos. Ao longo da semana, nas titorías reflexionouse sobre o tema. Preparouse na entrada unha exposición de fotos/traballo alusivos, repartíronse adhesivos entre alumnado e profesorado cunha foto-composición preparada polo EDLG. A través de Radio Seaia, escoitouse nos recreos música relacionada co tema. (Ap. 9.1 a-b-c-f)

**NADAL:** Todos os Departamentos. Convocouse un concurso de tarxetas de Nadal en formato manual e dixital e planificouse unha recollida solidaria de xoguetes para unha asociación benéfica do Concello. Na última semana lectiva do ano, o alumnado de 3º e 4º, participou na biblioteca en dúas charlas relacionadas co Programa “QUÉROTE” solicitado desde o Dep. de Orientación do centro. Tamén asistiu

ao Centro Cívico ao Obradoiro “Cartas de Amor”, organizado polo Concello de Malpica para a prevención da “violencia de xénero”. O alumnado de 1º e 2º viaxou á Coruña, para o encontro co escritor Jordi Sierra i Fabra no Centro Cívico Ágora. O día 18, último día de clase, desde 1ª hora, tivemos actividades festivas varias: Concurso 1,2,3 nas respectivas aulas, torneos de pim-pom e fútbolín, xogos tradicionais; entrega de xoguetes, dos premios do “Concurso de Postais para o Nadal 2015” e da Guía de Lecturas elaborada por EDLG/Biblioteca . (Ap. 9.1 a-b-c-f)

## **2ª AVALIACIÓN**

**DÍA DA PAZ:** Todos os Departamentos. Organízase este ano arredor da frase: “Unha alternativa ao conflito. Por un mundo mellor, máis saudable, en paz e benestar”; en relación co ano 2016, declarado pola ONU, “Ano internacional dos legumes”. Entre outras actividades, cada clase decorará con legumes nas horas de titoría o propio anagrama da paz (calculado e debuxado en EPV) para colgar logo no taboleiro da entrada con outros traballos e exposicións. Faremos unha recollida solidaria de legumes ata o día 28 que se entregará a CÁRITAS de Malpica e Buño. Desde o departamento de música seleccionaranse pezas para poñer o día 29 nos recreos, a través da Radio Seaia. Outros Departamentos colaboran con reflexións co alumnado sobre esta temática, confección de carteis, etc (Ap. 9.1 a-b-c-f)

**ENTROIDO:** Todos os Departamentos . Solicitamos do Concello de Malpica a adecuación da Casa da Cultura de Seaia, próxima ao Instituto, para poder realizar nela eventos coma este, que requiran dun local amplo e resgardado cando o Centro Cívico non estea dispoñible. Nesta ocasión, organizaremos un desfile grupal de comparsas dende o Instituto ata a Casa da Cultura onde haberá a continuación un festival de música e baile e degustación de doces de entroido aberto a toda comunidade educativa. (Ap. 9.1 a-b-c-f).

**DÍA DE ROSALÍA:** Dep. de LL.G, EDLG e Extraescolares-Biblioteca. Motivados pola convocatoria feita pola AELG e a relevancia que nós tamén lle concedemos á figura de Rosalía de Castro, conmemoraremos de novo o seu día, 24 de febreiro, con exposicións da súa obra na Biblioteca, recitado dos seus poemas a través de Radio Seaia, envío de mensaxes con eles, en papel ou dixitais a través das redes sociais, ... . (Ap. 9.1 a-b-c-d-f).

**XORNADA DE ACOLLIDA AO NOVO ALUMNADO:** Todos os Departamentos. Profesorado e Alumnado de 6º de EP dos colexios da zona e as súas familias, que visitarán o centro, en distintas xornadas, para

coñecelo e familiarizarse con nós a través de actividades lúdicas, charlas e trípticos informativos, contactos web, etc. (Ap. 9.1 a-b-c-d-f)

### **3ª AVALIACIÓN**

**18-22 ABRIL. SEMANA CULTURAL / DE PORTAS ABERTAS:** Todos os Departamentos. Primeira vez que poñemos a andar este proxecto. Inclúe de entrada: saída de todo o alumnado a teatro en inglés á Coruña, invitación aos CEIP de Milladoiro e Buño a participar en Obradoiros Lúdicos, Conmemoración do Día do Libro na Biblioteca, Gravación da curtametraxe asociada ao Grupo de Traballo; Obradoiros para o noso alumnado (pendentes de confirmar) de Fotografía, Xadrez, Banda Deseñada, Regueifas e Representación Teatral.

**LETRAS GALEGAS:** Todos os Departamentos, Concello. Organizaranse actividades relacionadas co escritor homenaxeado este ano 2016, **MANUEL MARÍA**. Colgaremos carteis informativos facilitados pola SXPL e daremos a coñecer a súa obra mediante lecturas, exposicións, proxeccións audiovisuais e gravado de pedras con versos seus para repartir pola vila. Coa colaboración dos Dep. de Plástica e Tecnoloxía, está previsto realizar unha escultura coa súa cara, que permaneza como homenaxe na nosa Biblioteca. O día 23 de Maio todo o alumnado visitará a Casa Museo de Manuel María en Outeiro de Rei; aproveitando a viaxe para coñecer mais cousas da súa contorna. Como en anos anteriores, convocarase con antelación un **Concurso Literario de Narración** aberto aos centros educativos da contorna. (Ap. 9.1.a-b-c-d-f)

**FESTIVAL DE FIN DE CURSO:** Todos os Departamentos. No Centro Cívico ou na Casa da Cultura, celebrarase o último día de clase de xuño un festival con: Coreografías, humor, video-clips, presentacións, entrega de premios e trofeos,... agradecementos e despedidas ao alumnado de 4º que nos deixa. Aberto a toda comunidade educativa. (Ap. 9.1 a-b-c-f).

Asdo.: Coordinadora EDLG, Mª Carmen Otero Sánchez

Vº e prace, a Directora: Dª María Dolores Paz Queiruga

## **Profesorado pertencente ao EDLG:**

**M<sup>a</sup> Carmen Otero Sánchez – Coordinadora**

(PT, D. Orientación, membro do Equipo de Biblioteca e Coordinadora de Formación)

**Pedro Martínez Casillas (Xefe Dep. de Música)**

**María Carmen Canosa Fraguela (Xefe de Dep. LL.Galega)**

## **Profesorado que coordina os outros Departamentos do Instituto:**

**Actividades Extraescolares: María Milagros Gómez Padilla**

**Coordinadora de Biblioteca: Rosa María Lamas Noya**

**Ciencias Naturais: Marta Rúa López**

**Ed. Física e Deportiva: Emilio Rodríguez Álvarez**

**Ed .Plástica e Visual: Miguel Ángel Díaz Salgueiro**

**Física e Química: Diego Mazás Brandariz**

**Francés: Milagros Trillo Trillo (membro do Eq. de Biblioteca)**

**Inglés: Carmen Lista Rodríguez**

**Lingua e Literatura Castelá: Rosa M<sup>a</sup> Lamas Noya,**

**Lingua e Lit. Galega: M<sup>a</sup>Carmen Canosa Fraguela (membro do Eq. biblioteca e de EDLG)**

**Matemáticas: M<sup>a</sup> Dolores Cuesta Martín**

**Música: Pedro Martínez Casillas (membro do EDLG)**

**Orientación: M<sup>a</sup> Aurora Lema Agra**

**Relixión: Josefina Martínez López**

**Tecnoloxía: Sonia Lema Martínez**

**Xeografía e Historia: M<sup>a</sup> Pilar Caamaño Cancela**

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO/S QUE REPRESENTAN	DESTINATARIOS/AS	ORZAMENTO EN €	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
PLURIANUAIS	<i>MOVÉMONOS</i>	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa	200	Fotocopias, material funxible e de decoración
	<i>FALANDO DE TECNOLOXÍA</i>	D. Tecnoloxía, Orientación, LL. Galega, EDLG CEIP Joaquín R. Otero de Buño	Alumnado e Profesorado intercentros	100	Fotocopias e material funxible
	<i>RADIO SEAIA</i>	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa e contorna	150	Material funxible e de decoración
	<i>MANTEMENTO E SEGUEMENTO DE WEBS E REDES SOCIAIS</i>	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa e contorna	150	Fotocopias e material funxible
ANUAIS	Adquisición de Fondos e Recursos	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa	500	Libros, revistas, xogos, vídeos, música
	Difusión de Información	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa e contorna	100	Fotocopias, sobres, correos, ...
	Colaboración con toda a comunidade educativa	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa	0	
	OBRADOIROS/SAÍDAS/ CHARLAS	Todos os Departamentos	Profesorado e Alumnado intra/intercentros Comunidade Educativa Outras Institucións	900	Relatores, Material funxible, Transporte, Fotocopias
1ª AVALIACIÓN	VIDEO-CONFERENCIA VI Día da Ciencia en galego	EDLG, D. Extraescolares-Biblioteca, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía	Alumnado e profesorado	0	
	SAMAÍN/HALLOWEEN	EDLG D. Extraescolares-Biblioteca todos os Dep. de linguas	Alumnado	90	Material funxible para decoración e premios
	CONTRA A "VIOLENCIA DE XÉNERO"	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa	40	Fotocopias adhesivas
	NADAL	Todos os Departamentos	Profesorado e Alumnado	300	Fotocopias, Transporte, Material funxible e Premios

TEMPORIALIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO/S QUE REPRESENTAN	DESTINATARIOS/AS	ORZAMENTO EN €	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
2ª AVALIACIÓN	DÍA DA PAZ	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa e contorna	30	Material funxible e Fotocopias
	ENTROIDO	Todos os Departamentos Concello	Toda a comunidade educativa Concello	100	Material funxible
	DÍA DE ROSALÍA	EDLG D.Extraescolares-Biblioteca Dep. de L.L.Galega	Toda a comunidade educativa	30	Fotocopias e material funxible
	XORNADA DE ACOLLIDA AO NOVO ALUMNADO E FAMILIAS	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa Outros Centros da contorna	100	Fotocopias, material funxible e agasallos
3ª AVALIACIÓN	SEMANA CULTURAL	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa Outros Centros e Institucións da contorna	600	Transporte, Relatores, fotocopias e material funxible
	LETRAS GALEGAS	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa Outras Institucións	900	Transporte, material funxible e premios
	FIN DE CURSO	Todos os Departamentos	Toda a comunidade educativa Concello	150	Material funxible e trofeos
	<b>TOTAL ORZAMENTO 4440.- €</b>				